



**POLÍTICA DE  
PREVENCIÓN DE  
RISCOS PENAIS E  
ANTISUBORNO**

## Obxecto

O órgano de goberno de CLECE, co compromiso de cumprir coa lexislación vixente e cos nosos principios éticos, dispón os medios necesarios para desenvolver, implantar e manter un sistema de xestión de *compliance* penal para a prevención, detección e reacción ante calquera tipo de risco penal, en xeral, e o suborno, en particular, asociado aos negocios e procesos corporativos.

Son principios e valores de CLECE, entre outros, a transparencia e o cumprimento legal, o respecto da dignidade das persoas, o respecto dos dereitos humanos e liberdades públicas, a honestidade, a boa fe, a integridade de conduta e o sentido común.

## Alcance

A presente Política Integrada de Prevención de Riscos Penais e Antisuborno é de aplicación a todos os membros de CLECE, é dicir, órgano de goberno, directivos empregados, traballadores, empregados temporais baixo convenio de colaboración, voluntarios e resto de persoas baixo subordinación xerárquica de calquera das anteriores, aínda que non se manteña unha relación xurídico-laboral con CLECE, sempre que desenvolvan actividades de maneira estable no seu seo. É igualmente de aplicación ás filiais de CLECE que se adhiran ao seu sistema de xestión de riscos penais e antisuborno.

## Obxectivos

Os principais obxectivos desta política son:

- O seguimento dos criterios do Código Ético, que recolle o compromiso de CLECE cos principios de ética empresarial e a transparencia en todos os ámbitos de actuación, e o regulamento dos comportamentos éticos e responsables de todos os profesionais de CLECE no desenvolvemento da súa actividade, así como as consecuencias derivadas do incumprimento.
- A implantación e o desenvolvemento efectivo dunha cultura ética e de cumprimento da legalidade entre todos os membros de CLECE, con independencia do lugar de traballo e da localización na que exerzan as súas funcións.
- A tolerancia cero ante calquera acto delituoso, ilícito ou contrario aos valores e principios do Código Ético, non só entre os empregados de CLECE, senón tamén empregados temporais baixo convenio de colaboración, voluntarios, unións temporais de empresas (UTE), clientes, usuarios, provedores e subcontratas coas que CLECE establece relacións profesionais e/ou comerciais, co obxectivo final de asegurar que estas relacións estean sempre presididas polos valores éticos de CLECE mediante unha actuación eficiente e enfocada á excelencia e á calidade en todos os seus servizos.

- O nomeamento dun órgano colexiado de cumprimento penal en materia de prevención de delitos, incluído o suborno, dotándoo dos recursos materiais e humanos suficientes para levar a cabo a súa tarefa, fomentando a súa formación continua, co obxectivo de asegurar o liderado, a autonomía e a independencia no exercicio do cargo, con dependencia directa do órgano de goberno.
- A comunicación, formación, sensibilización e concienciación adecuada aos membros de CLECE e, eventualmente, aos socios de negocio e outros grupos de interese que así o requiran, sobre o contido, requisitos e natureza do sistema de xestión de *compliance* penal, co obxectivo de conseguir a máxima eficacia e o desenvolvemento dunha cultura ética e de cumprimento da legalidade no exercicio das nosas actividades.
- A creación dunha Canle Ética e dun regulamento interno que regule a xestión, tratamento e tramitación das comunicacións recibidas en relación ás incidencias e/ou incumprimentos do sistema de xestión de *compliance* penal e antisuborno, garantindo o respecto dos dereitos fundamentais concorrentes, especialmente a confidencialidade.
- O establecemento de procedementos que desenvolvan e supervisen o sistema de xestión de *compliance* penal e antisuborno co obxectivo de lograr unha xestión eficaz deles mediante o establecemento de indicadores adecuados para avaliar o grao de implantación efectiva, as non-conformidades e as accións correctivas, dentro dun proceso de revisión e mellora continuas.
- A adopción das medidas disciplinarias pertinentes ante eventuais riscos e incumprimentos do sistema de xestión de *compliance* penal e antisuborno, así como ante a comisión de calquera conduta ilícita ou delituosa, consideradas para estes efectos como infracción moi grave por transgresión da boa fe contractual, todo isto sen prexuízo de calquera outro tipo de responsabilidades legais ou contractuais que puidesen derivarse destas condutas.

**Esta política será revisada periodicamente para a súa continua adecuación e é de obrigado cumprimento para todo o cadro de persoal de CLECE, así como para aquelas persoas que realicen actividades en nome da organización. En relación coas empresas colaboradoras de CLECE, porase á súa disposición unha copia desta política a fin de promover liñas de actuación coherentes con ela. Todos deberán coñecela e aplicala no seu ámbito de actuación profesional.**

**Asdo. Cristóbal Valderas Alvarado**

**ACS Servicios y Concesiones, S.L.**

**Administrador único de CLECE, S.A.**